

GUÍA
AMBIENTAL
OS COGOMELOS DE ARTEIXO



Publicacións Ambientais



**OS COGOMELOS MÁIS COMÚNS
DO CONCELLO DE ARTEIXO**

Sumario de contidos

Introdución.....	3
BioloXía dos cogomelos.....	4
Morfoloxía dos cogomelos.....	5
Ciclo evolutivo dos fungos.....	6
Clasificación dos cogomelos.....	7
Especies máis comúns en Arteixo.....	8
Código de conduta do bo colleiteiro.....	24
Teléfonos de interese.....	26
Bibliografía recomendada.....	27

EDICIÓN: Medio Ambiente. Concello de Arteixo

TEXTOS: Medio Ambiente. Concello de Arteixo

COLABORACIÓN: Argimiro Rodríguez Torres
Martín Souto Souto

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA: María Rozamontes

ILUSTRACIÓNS E FOTOGRAFÍAS:

Mariana Roura Sánchez

(pax.5,6,7,8,9,10,11,12,13,14,15)

Martín Souto Souto

(cuberta, pax.16,17,18,19,20,21,22,23)

Jennifer Morais Fraga (pax.3)

DESEÑO: cafecongotas@gmail.com

Depósito legal: C 4491-2008

Guía Ambiental. Os Cogomelos de Arteixo.

Introdución

Arteixo é un dos Concellos máis industrializados de Galicia, o que implica que unha boa parte do seu territorio estea totalmente artificializado. Pero, á marxe deste factor, existen paraxes, sobre todo na súa parte máis occidental e na meridional, onde o territorio está pouco modulado pola acción do home. É nesta zona do termo municipal, onde se localiza a maior parte da biodiversidade, e por tanto, onde poderemos atopar as diferentes especies de cogomelos.


Esta pequena guía, que aquí se presenta, ten por obxectivo o de dar a coñecer os cogomelos máis típicos que nos podemos atopar no Concello de Arteixo, así como, establecer as bases para a comprensión da bioloxía destes seres vivos e a súa relación co medio. Evidentemente, para profundar no tema, cómpre dirixirse a outro tipo de guías nas que se trata o tema máis exhaustivamente.



Bioloxía dos cogomelos

Os cogomelos son os corpos frutíferos dun conxunto de fungos pluricelulares que inclúen moitas especies. Soen crecer na humidade que proporciona a sombra das árbores pero tamén se dan noutros ambientes húmidos, como por exemplo nas pradarias. Existen especies comestíbeis e outras que son velenosas, e incluso existen varias con efectos psicoactivos.

Historicamente os fungos clasificáronse dentro do Reino Vexetal até que se descubriu que estes seres vivos non facían a fotosíntese pola carencia de clorofila -cualidade básica dos vexetais-. Asemade, en xustaposición cos animais, que inxiren o alimento (dixestión interna), os fungos absórbeno (dixestión externa), e ademais as súas células teñen parede celular. Por mor destas razóns, estes organismos situáronse no seu propio reino biolóxico, chamado **Fungui** ou **Micetal**.



Morfoloxía dos cogomelos


Para unha correcta identificación dos cogomelos non existen atallos nin fórmulas máxicas. A experiencia e o estudo minucioso das características morfolóxicas achegarannos as claves para unha exacta identificación. Os caracteres morfolóxicos macroscópicos -os que se poden detectar por medio dos sentidos- son a cor, a forma, o tamaño, o cheiro, o sabor, a textura e a carne. Asemade, se tomamos como referencia a forma do paraugas, unha das máis comúns nos cogomelos, cómpre diferenciar:

Sombreiro

- ✦ Forma: convexo, cónico, tipo campá, umbonado, estendido e forma de funil.
- ✦ Marxe: liso, estriado, festonado, esgazado ou involuto.
- ✦ Cutícula: lisa, con placas, copos, zonas concéntricas ou fibrosa.

Himenio Con láminas, poros ou aguillóns

Pé Pode ter ou non anel e volva.




Ciclo evolutivo dos fungos



Ciclo evolutivo do cogomelo

Os fungos reproducense por medio de esporas -sementes- as cales se dispersan polo acción do vento no seu estado latente, que se interrompe só cando se atopan condicións ambientais favorables para a xerminación. Cando se dan estas condicións, a espora xermina, xurdindo uns pequenos filamentos chamados hifas que por extensión e ramificación van constituíndo o micelio primario. Cando dous micelios derivados de dúas esporas de distinto sexo se xuntan dan lugar ao micelio secundario do cal brotan os cogomelos na época favorable de choivas: primavera e principalmente en outono.



Ciclo reprodutivo dos fungos

Clasificación dos cogomelos

Aínda que a clasificación máis importante para o colleiteiro afeccionado é clasificar -distinguir- os cogomelos entre os que son comestíbeis e os que son venenosos, a clasificación segundo a forma de nutrirse goza de grande interese e practicidade, porque nos vai axudar a buscar os cogomelos segundo a afinidade que teñen as distintas especies polos diferentes ecosistemas. Esta clasificación é a seguinte:

Cogomelos

segundo a forma de nutrirse

Saprophytos

Son aqueles fungos que se nutren da materia orgánica dos vexetais e animais mortos. Son os principais recicladores dos ecosistemas, capaces de descompoñer calquera tipo de material orgánico.

Parasitos

É unha situación na que o fungo se nutre doutro ser vivo creando neste último unha situación desvantaxosa ou destrutiva -a maioría das enfermidades das plantas e a micose en animais-.

Simbiontes

Prodúcese unha relación entre o fungo e a planta na que ambos saen beneficiados. A planta recibe do fungo axuda para captar nutrientes minerais e auga en maior cantidade e o fungo recibe da planta hidratos de carbono e vitaminas.

Especies máis comúns en Arteixo

A continuación preséntase un pequeno inventario de quince especies que facilmente podemos atopar nunha saída pola contorna natural do termo municipal de Arteixo. Se ben, é obvio que a diversidade existente é moito maior, a selección que aquí se mostra responde a aspectos de abundancia e estética, e por suposto, a que, exceptuando a *Amanita muscaria* que é tóxica, todas teñen valor culinario, e porén, son susceptibles de seren aproveitadas para a alimentación. Co obxecto de facilitar a identificación dos cogomelos, todas as especies se abranguen de forma homoxénea e sistemática consonte ao cadro que aquí se representa.

Nome científico Nome galego Nome castelán	 <i>Agaricus arvensis</i> Schaeff. Cogomelo anisado Cast. Bota de nieve  Morfoloxía • Sombreiro: Pode acadar os 30 cm. de diámetro. Evoluciona de globoso a convexo e logo a plano. É de cor branca con tons amarelos. • Himenio: Láminas apertadas que pasan de branca, a branco rosado e finalmente a marrón escuro. • Pé: De cor branca que tende a amarelarse na parte inferior. Posúe dobre anel. • Carne: Compacta e branca que vira lentamente a amarela e logo a ocre. Posúe un cheiro anisado característico. Ecoloxía Saprofita. Aparece desde comezos da primavera até final do outono en pastos. Comestibilidade Bo comestible.
Ilustración	
Morfoloxía	
Ecoloxía	
Comestibilidade	



Agaricus arvensis Schaeff.

Cogomelo anisado

Cast. Bota de nieve



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: Pode acadar os 30 cm. de diámetro. Evoluciona de globoso a convexo e logo a plano. É de cor branca con tonos amarelos.
- ✦ Himenio: Láminas apertadas que pasan de branca, a branco rosado e finalmente a marrón oscuro.
- ✦ Pé: De cor branca que tende a amarelarse na parte inferior. Posúe dobre anel.
- ✦ Carne: Compacta e branca que vira lentamente a amarela e logo a ocre. Posúe un cheiro anisado característico.

Ecoloxía

Saprofita. Aparece desde comezos da primavera até final do outono en pastos.

Comestibilidade

Bo comestible.



Agaricus campestris L.:Fr.

Cogomelo dos lameiros

Cast. Champiñón silvestre



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: Pode chegar a medir até 8 ou 10 cm. Evolucionar de globoso na xuventude até convexo-plano na madurez. É de cor branca ou crema e ás veces posúe bastantes escamas de cor gris-negra.
- ✦ Himenio: Láminas apretadas de cor rosada que pasan a marrón escuro ou negro ao madurar.
- ✦ Pé: Até 7 cm. É de cor branca e posúe anel.
- ✦ Carne: Consistente, de cor branca. Ao corte vírase de color rosáceo.

Ecoloxía

Saprofita. Aparece desde comezos da primavera até final do outono en pastos naturais e incluso en xardíns ben fertilizados.

Comestibilidade

Moi bo comestible.



Amanita muscaria (L.:Fr.) Hook.

Reventaboís, brincaboís

Cast. Matamoscas



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: Evolucionara de globoso a convexo plano. Pode chegar a medir entre 15 e 20 cm. de diámetro. É de cor vermella, ás veces algo amarela e recóbrese de copos brancos.
- ✦ Himenio: Láminas brancas libres e desiguais.
- ✦ Pé: Cilíndrico de cor branco e remata nunha volva formada por filas de pequenos copos abultados. Posúe anel.
- ✦ Carne: Branca e inodora.

Ecoloxía

Simbionte. Atópase en bosques de bidueiros, en soutos ou en bosques de coníferas. Aparece desde finais do verán até finais do outono.

Comestibilidade

Non é comestible. É tóxica e alucinóxena.



Amanita rubescens (Pers.:Fr.)Gray

Cogomelo do viño

Cast. *Amanita vinosa*



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: Evolucionar de globoso a convexo plano. Pode chegar a medir 20 cm. de diámetro. Ten cor parda rosada. Recóbrese de copos brancos, grises ou rosados.
- ✦ Himenio: Laminas brancas numerosas, apertadas e libres.
- ✦ Pé: Cilíndrico, de cor branca a rosa. Remata nun bulbo. Posúe un anel estriado.
- ✦ Carne: Branca, que vira a rosa viño ao corte.

Ecología

Simbionte. Especie moi común en todo tipo de solos. Atópase desde finais da primavera até principios do inverno. Micorriza con numerosas árbores.

Comestibilidade

Cociñada é moi bo comestible. Crúa é tóxica.



Armillaria mellea (Vahl.:Fr.)Kumm.

Palotes da madeira

Cast. Armillaria color de miel



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: Evoluciona de convexo a plano irregular. Diámetro entre 5 e 15 cm. Cor amarela mel, moitas veces con pequenas escamas de cor castaña.
- ✦ Himenio: Laminiñas delgadas e apertadas. Teñen cor que vai desde o branco crema ao amarelo.
- ✦ Pé: Longo de cor marrón ocre. Posúe un anel branco, grosso e membranoso. Especie cespitosa (medran varios pés do mesmo punto)
- ✦ Carne: É preta e case branca. Sabor doce que vira a amargo.

Ecoloxía

Parasita – Saprofita. Frutifican en grupos compactos. Aparece en veráns chuviosos e aguanta até principios do inverno. É un patóxeno forestal moi agresivo.

Comestibilidade

Comestible bo só cando son exemplares novos.



***Boletus edulis* Bull.:Fr.**

Cogordo, ándoa, madeirudo, viriato

Cast. Calabaza, porro



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: Moi carnoso, hemiesférico, rugoso de 8-25 cm. de diámetro. Ten color parda mate cun reborde branco de tan só un ou dous mm.
- ✦ Himenio: tubos brancos de novo que tornan a amarelo oliva.
- ✦ Pé: robusto, de cor crema a marrón claro e reticulado na súa parte superior.
- ✦ Carne: De cor branca. Ten cheiro e sabor agradables. Non azulea ao contacto co ar.

Ecoloxía

Simbionte. Atópase durante o outono baixo bosques de coníferas e de caducifolias.

Comestibilidade

Excelente comestible.



Boletus erythropus (Fr.:Fr.) Krombh.

Ándoa de pe vermello

Cast. Pie rojo



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: De 6 a 15 cm. de diámetro, convexo, carnoso e de cor coiro marrón escura.
- ✦ Himenio: tubos soldados, libres e longos de cor vermella. Azulean moito ao tocalos.
- ✦ Pé: Robusto e carnoso. Non ten retícula. Posúe puntos vermellos sobre fondo amarelo.
- ✦ Carne: De cor amarela, azulea intensamente ao poñela en contacto co ar.

Ecoloxía

Simbionte. Atópase durante o outono baixo bosques de coníferas e caducifolias.

Comestibilidade

Excelente comestible.



Cantharellus cibarius (Fr.:Fr.)Fr. _____

Cantarela

Cast. Cantarela, rebozuelo



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: De 4 a 10 cm. de diámetro cos bordes ondulados. A cutícula é seca de cor amarela ovo.
- ✦ Himenio: Non posúe láminas, senón pregaduras lonxitudinais.
- ✦ Pé: O pé é curto e carnoso e é homoxéneo co sombreiro.
- ✦ Carne: É dura e grosa, algo máis clara co sombreiro. Ten olor afroitado e sabor doce.

Ecoloxía

Simbionte. Frutifican durante a primavera, verán e outono en bosques caducifolios e incluso en piñeirais.

Comestibilidade

Excelente comestible.



Coprinus comatus (Müller:Fr.) Gray

Barbuda

Cast. Matacandil

Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: É cilíndrico ovoide. Pode medir até 20 cm. de alto e de 3 a 8 cm. de diámetro. É de cor branca e ás veces con grandes escamas de cor parda.
- ✦ Himenio: Numerosas láminas, apertadas e achas de cor branca que se volven de cor marrón e logo se disolven en tinta negra.
- ✦ Pé: Cilíndrico de 15 a 20 cm de altura. É de cor branca, oco e crebadizo.
- ✦ Carne: É branca e lixeiramente aromática e de sabor moi delicado.



Ecoloxía

Saprofita. Abundante desde a primavera até finais do outono. Vive en calquera terreo ben fertilizado.

Comestibilidade

Excelente comestible.



Hydnum repandum L.:Fr.

Lingua de ovella

Cast. Gamuza



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: O sombreiro chega a medir de 12 a 15 cm. É convexo e logo aplánase. Ten color branca crema.
- ✦ Himenio: Ten aguillóns longos, pretos, da mesma cor co sombreiro ou algo máis claros.
- ✦ Pé: De cor branca, normalmente excéntrico. Non ten bulbo nin anel.
- ✦ Carne: De cor branca e sabor agradable.

Ecoloxía

Simbionte. Soe aparecer entre finais do outono e principios do inverno. Aparece baixo calquera tipo de árbores.

Comestibilidade

Bo comestible.



Lactarius deliciosus (L.:Fr.) Gray

Fungo da muña, níscolo

Cast. Níscolo, robellón



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: De cor alaranxado, con bandas concéntricas en distintas tonalidades. Pode acadar até os 15 cm.
- ✦ Himenio: Laminas desiguais da mesma cor que o sombreiro, decurrentes -baixan un pouco polo pé-
- ✦ Pé: É oco, grosso e curto e da mesma cor que o sombreiro.
- ✦ Carne: A carne é alaranxada virando a cor cenoria debido ao abundante latex desa cor que posúe. A produción deste líquido leitoso é típica de todos os *Lactarius*.

Ecoloxía

Simbionte. Atópase nos piñeirais, principalmente en zonas que teñen sotobosque herbáceo. Aparece desde o outono até principios do inverno.

Comestibilidade

Bo comestible.



Leccinum scabrum (Bull.:Fr)Gray

Ándoa da mosca

Cast. Hongo de pie escabroso

Morfoloxía

- ✦ Sombreiro:
Evoluciona de hemisférico a plano-convexo. Cor parda-vermella. Pode acadar 20 cm de diámetro.
- ✦ Himenio: Tubos libres soldados entre si que rematan en poros de cor branca grisacea que vira a gris.
- ✦ Pé: é cilíndrico, algo ensanchado na base. Ten cor abrancazada con gránulos negros moi característicos deste xénero..
- ✦ Carne: É branca e non vira ao corte. Olor inapreciable e sabor doce.

Ecoloxía

Simbionte. Aparece en outono baixo bidueirais.

Comestibilidade

Comestible mediocre.





Macrolepiota procera (Scop.:Fr)Singer

Choupin

Cast. Parasol,
galimpierno



Morfoloxía

- ✦ Sombreiro: Posúe un sombreiro de 10 a 30 cm. de cor branca con características manchas pardas concéntricas. No centro a mancha marrón faise máis intensa e abultada (mamelón).
- ✦ Himenio: Ten láminas brancas ou lixeiramente amarelas, numerosas, moi xuntas e libres.
- ✦ Pé: Fibroso. Pode acadar entre 15 e 30 cm. de altura. Ten un debuxo cebreado de cor parda. Posúe un anel dobre móbil (móvese co dedo). Remata nun bulbo engrosado.
- ✦ Carne: Branca, tenra, con certo olor e sabor a abelá ou noz.

Ecoloxía

Saprofita. Localízase en prados, bordes de setos e claros de bosques con abundante materia orgánica. Aparece no outono.

Comestibilidade

Excelente comestible.



Russula virescens (Schaeff.) Fr.

Netorra verde

Cast. Gorro verde



Morfoloxía

- ✦ **Sombreiro:** De 4 a 10 cm. de diámetro. Ao principio hemisférico e evoluciona a plano-convexo cunha depresión no centro. Cutícula moi fragmentada en pequenas escamas de cor verde grisácea sobre fondo branco.
- ✦ **Himenio:** Láminas de cor branca crema, desiguais, separadas. Rompen con dificultade.
- ✦ **Pé:** De cor branca e lonxitude variable.
- ✦ **Carne:** Compacta e de cor branca. Agradable sabor a noz.

Ecoloxía

Simbionte. Frutifica desde finais de xuño até finais de setembro. Localízase en carballeiras e tamén en soutos.

Comestibilidade

Excelente comestible.



Sparassis crispa Wulfen.:Fr. _____

Coliflor de monte

Cast. Seta coliflor



Morfoloxía

- ✦ Corpo: Ten forma máis ou menos globosa que pode medir até 30-40 cm. Conformada por cintas carnosas, de 1,5 a 2 cm. de ancho, fráxiles, moi ramificadas e pretas. Aseméllase a unha coliflor.
- ✦ Pé: Non se distingue pé. Existe na base unha especie de cepa carnosa.
- ✦ Carne: É moi delgada, case branca e elástica.

Ecoloxía

Saprofita. Aparece en outono e comezos do inverno sobre tocóns, preferentemente de coníferas.

Comestibilidade

Bo comestible.

Código de conduta do bo colleiteiro



1 Os cogomelos desempeñan unha función importante no equilibrio ecolóxico do medio natural polo que non debemos recoller indiscriminadamente todos os exemplares que sexan comestíbeis ou danar os que sexan tóxicos.

2 As especies raras ou en perigo de extinción limitarémonos soamente a fotografalas.

3 É esencial o respecto da propiedade comunal ou privada onde se vai proceder á recolección.

4 Non é aconsellábel recoller cogomelos en zonas próximas a polígonos industriais ou estradas debido a que teñen gran poder de absorción dos contaminantes atmosféricos.

5 Para cortar o cogomelo farémolo cun coitelo curto e afiado e nunca escavaremos na terra.

6 Para a recolección empregarase un cesto e nunca bolsas de plástico para evitar a fermentación dos cogomelos. Asemade, non mesturaremos os cogomelos tóxicos cos comestíbeis.

7 Non recoller nunca, con fins alimenticios, unha especie que non se identifique con total seguridade no campo e en caso de dúbida, **ABSTERSE**.



Concello de Arteixo

Tel. 981 600 009

www.arteixo.org

Concello de Arteixo. Medio Ambiente

Tel. 981 600 009 ext.3001

Fax. 981 641 815

Policía Local do Concello de Arteixo

Tel. 981 600 060

Protección Civil de Arteixo

Tel. 981 641 414

Servizo de Medio Ambiente Natural da Coruña

Praza de Luís Seoane, s/n 5º 15008-A Coruña

Tel. 981 184 654

SEPRONA (Servizo de Protección da Natureza)

Tel. 981 167 830

Instituto Nacional de Toxicología

Tel. 915 620 420

Universidade de Vigo - Laboratorio de Micología

Tel: 986 220 599

Grupo Micológico Galego

Tel: 629 220 387

Emerxencias SOS-Galicia

Tel. 112

Servizo de Incendios (Xunta de Galicia)

Tel. 085

Castro, Marisa; Justo Fernández, Alfredo; Lorenzo Castro, Purificación; Soliño Pérez, Ana (2005)
Guía micolóxica dos ecosistemas galegos.
Ed. Baía.

Castro, Marisa (2000)
Guía dos cogomelos comúns de Galicia.
Ed. Xerais de Galicia.

Bon, M. (1988)
Guía de campo de los hongos de Europa.
Ed. Omega.

Mazza, Riccardo (1997)
Cómo reconocer las setas.
Ed. El Drac.

Leoni, Gianernesto; Ferreri, Bartolomeo (1995)
Guía del buscador de setas.
Ed. De Vecchi.



medioambiente

Concello de Arteixo

www.arteixox.org